




# UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA



## Resolución Adaptación do Plano De Estudos De Traballo Social 1999

A resolución do 9 de xuño de 1999 da Universidade de Santiago de Compostela, pola que se publica a modificación do plano de estudos conducente ó título de Diplomado en Traballo Social en cumprimento da normativa vixente, establece no apartado 3b) do cadro de adaptacións que a Universidade dictara ás resolucións necesarias para resolver os problemas de adaptación ou interpretación do mesmo, previa consulta ó centro.

Para clarificar tódalas cuestións suscitadas polos alumnos verbo da adaptación ó plano de estudos de 1999 díctase a seguinte

### RESOLUCIÓN

**Primeiro.-** As materias superadas polo alumno, que non figuren no cadro de adaptacións terán a consideración de materias optativas, podendo computarse como optativas ou de libre configuración, a elección do alumno.

**Segundo .-** Anular a equivalencia que figura na táboa de adaptación entre a materia 478011122 Traballo Social e Técnicas de Comunicación (1993) e a materia 478012326 Técnicas de Investigación Cualitativas.(1999). Ós alumnos que teñan cursado a materia Traballo Social e Técnicas de Comunicación (1993) adaptaráselle como créditos optativos ou libre elección .

**Terceiro.-** Segundo proposta do centro, a táboa de adaptación do plano de 1983 ó plano de estudos de 1999 é a que figura como ANEXO a esta resolución.

Santiago de Compostela, 19 de outubro de 1999

O RECTOR

Darío Villanueva Prieto

SR. VICERRECTOR DE ORDENACIÓN ACADÉMICA E TITULACIÓNS, SR. SECRETARIO XERAL, SR. DIRECTOR DA ESCOLA DE TRABALLO SOCIAL, SR. XEFE DA ASESORÍA XURÍDICA, SRA. XEFE DO SERVICIO DE ALUMNADO, SR. DIRECTOR DO COIE, SR. DIRECTOR DO SEIN, SR. XEFE DA UNIDADE DE XESTIÓN ACADÉMICA.



# UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

## ANEXO

PLANO RENOVADO 1999				PLANO VELLO 1983
Curso	Tipo	Materia	Créditos	Materia
1º	T	Taller de Traballo Social I	9	Traballo Social I e Formación Práctica
1º	T	Antropoloxía Social e Cultural	4,5	Antropoloxía Social e Cultural
1º	T	Fundamentos do Dereito para o Traballo Social	4,5	Fundamentos do Dereito para o Traballo Social
1º	T	Introducción ó Traballo Social	7,5	Traballo Social I e Formación Práctica
1º	T	Psicoloxía Aplicada ó Traballo Social	7,5	Psicoloxía Xeral, Evolutiva e Diferencial
1º	T	Socioloxía Xeral	6	Socioloxía Xeral
1º	T	Dereito Social e Público Aplicado ó Traballo Social	4,5	Dereito Administrativo
1º	T	Estructura Social Contemporánea	4,5	Estructura Social Contemporánea
1º	T	Servicios Sociais I	7,5	Introducción ós Servicios Sociais
2º	T	Metodoloxía do Traballo Social	7,5	Traballo Social II e Formación Práctica
2º	T	Servicios Sociais II	6	Servicios Sociais I
2º	Obrig.	Ética e Traballo Social	4,5	Ética Xeral e do Traballo Social
2º	Obrig.	Taller de investigación en Traballo Social	7,5	Traballo Social I e Formación Práctica
2º	T	Política Social	6	Política Social do Benestar Social
2º	T	Psicoloxía Social	6	Psicoloxía Social
2º	T	Taller de Traballo Social II	4,5	Traballo Social II e Formación Práctica
2º	Opt.	Economía Aplicada ós Servicios Sociais	6	Economía Aplicada ó Traballo Social
2º	Opt.	Lingua e Cultura de Galicia	4,5	Lingua e Cultura de Galicia
3º	T	Servicios Sociais III	6	Servicios Sociais II
3º	T	Traballo Social e Intervención Familiar	6	Traballo Social III e Formación Práctica
3º	Obrig.	Traballo Social de Grupo e Comunidade	7,5	Traballo Social II e Formación Práctica
3º	T	Prácticum	27	Traballo Social III e Formación Práctica